

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 8 DE MAIO DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 8 de maio de 2014, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D. Carlos Javier Crespo Díaz
D^a Nieves Rodríguez Voces
D^a M^a Estela Delgado Fernández
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación das actas do Pleno das sesións celebradas os días 20 de marzo e 10 e 28 de abril de 2014.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer ás actas das sesións celebradas polo Pleno os días 20 de marzo e 10 e 28 de abril de 2014 e non formulándose ningunha, as devanditas actas resultaron aprobadas por unanimidade dos dezasete membros do Pleno.

2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de residuos.

Dáse conta do ditame da comisión informativa celebrada o día 5 de maio de 2014.

O sr. alcalde concede a palabra ao concelleiro delegado de medio ambiente, o sr. Alonso Araújo, quen fai uso dela para dicir que no certificado do ditame da Comisión hai uns pequenos erros de transcripción e que hai que referirse ao informe económico e á memoria xustificativa que é onde están as cifras correctas. Di que debido ao incremento dos prezos que marca Sogama na recollida de residuos sólidos urbanos hai que modificar a ordenanza fiscal correspondente, que no ano 2013 houbo unha suba no custe do servizo prestado por Sogama dun 4,7%, debido a suba do IVE acordada polo Goberno mais o IPC anual, polo que o custe que se estivo a pagar a Sogama por cada tonelada que se lle enviou foi de 55,91€ por tonelada métrica e que para o ano 2014 os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma aprobados polo parlamento galego fixouse un canon de 82,10€ por tonelada métrica coa fin de garantir a sustentabilidade financeira do sistema, o que supuxo desequilibrar a situación financeira dos concellos adheridos a Sogama, o que supón, di o concelleiro, un incremento do 33,5% no canon e que, segundo a empresa, veu propiciado pola retirada por parte do Goberno central das primas ás xeracións de enerxía eléctrica renovable polo que Sogama repercutíu integramente aos concellos adheridos, e entón ou ben se asume polo Concello con cargo aos orzamentos ou ben se repercute nos recibos que pagan os veciños. Prosegue no exercicio da palabra o concelleiro dicindo que actualmente no Concello do Barco estase a facer unha campaña de concienciación cidadá que empeza xa a dar os seus froitos cun descenso do lixo recollido no pasado mes de abril con respecto ao mesmo mes do ano anterior en aproximadamente un 6%, aínda que non é suficiente para absorber a cantidade que lle hai que pagar a Sogama polo incremento dese 33,5%. Di o concelleiro que ata hoxe o Concello do Barco estivo financiado unha parte dese custo da recollida e tratamento de RSU cun servizo xa deficitario e con este incremento loxicamente o servizo pasa a ser moito máis deficitario, e que para este ano 2014 nos orzamento do concello xa se incrementou con 30.000€ a partida para compensar a subida do prezo e que a taxa sería aplicable a partir do día 1 de xuño do ano 2014 e que o equipo de goberno propón unha suba do 17% en vez do 33,5% que supón o incremento de Sogama, polo que ó final suporía unha suba lineal de 5,48€ por recibo e ano e que segundo o informe económico e a memoria xustificativa do expediente, entre o custo do

servizo e os ingresos previstos resulta un déficit de 164.287€, dos que máis de cen mil euros están xa sendo absorbidos polo Concello e outros trinta mil están presupostados, e que como o concello non se pode endebedar máis propónse a subida deses 5,48€ lineais de media. Remata dicindo o sr. concelleiro que veñen a maiores unhas modificacións dos artigos 5 e 6, sobre denominación da tarifa doméstica e beneficios fiscais.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o sr. Blanco Paradelo, quen fai uso dela para dicir que non ten nada que obxectar ao dito, pois non se dixo nada incorrecto nin falso, pero que o que si quere dicir é que o 29 de novembro o alcalde, como vicepresidente da FEGAMP, fixo unhas declaracións a favor do acordo e aos cinco días, o 4 de decembro, dixo que é un modelo fracasado, rexeitado por unanimidade, polo que a actuación do sr. alcalde é a constatación do ridículo e do fracaso, pois ó principio saíu defendendo o acordo e despois, tras que o chamasen a capítulo os dirixentes do seu partido -entende o concelleiro-, recuou, como noutras cuestións, e a partir dese momento empezou a botarlle as culpas á Xunta de Galicia, facendo unha campaña mediática nescando a información, e non explicou precisamente o que acaba de explicar o sr. Alonso Araújo, que é entendible si se explica sen nesgo político nin utilización política como fixo o sr. alcalde con esa campaña. Prosegue dicindo o concelleiro que o alcalde encargou unha campaña de reciclaxe da que non se teñen as contas, solicitadas nunha comisión o 4 de abril, e encargou uns sobres que demostran que a campaña non foi planificada nin houbo previsións, pois o Concello non ten 5.000 sobres, e neles pónselle a cabeceira do Concello, imprimindo tamén o lema da campaña “*si separas aforras*”. Di que no contido do sobre vai unha carta na que de catro parágrafos, en tres bótaselle a culpa á Xunta de Galicia, pero cando ven algunha axuda da Xunta non se lle cita nin unha vez, que nesa carta ánimoase aos veciños e veciñas a que colaboren na mellora do proceso selectivo de eliminación dos residuos e quere preguntar ao sr. concelleiro delegado de medio ambiente porqué non se fixo antes esta campaña si de verdade dá os froitos que di o concelleiro, pois chegaríase a non ser necesario aplicar ningunha subida e aforrar un diñeiro importante, incluso con baixada no importe dos recibos, en función do aforro que se conseguira. Di o voceiro que el ve a maldade política de trasladar a responsabilidade aos cidadáns, enganalos con cantos de serea que lle vai baixar os impostos e tan só dous meses despois o sr. alcalde demostra que non confía nos cidadáns, ao ser imposible conseguir o aforro previsto, e aplica a subida do recibo, que antes era menos dun euro ao mes e agora, para medio ano, sube 5,5€ o recibo. Di o sr. Blanco que o sr. Alcalde foi persoalmente ensinar á xente como se fai o reciclaxe, con fondos públicos, é dicir, con diñeiro de todos os veciños e

veciñas, para facer a súa campaña electoral e un lavado de imaxe, que fai todo con improvisación e a campaña adxudícase a dedo, pois o seu Grupo non viu nin unha soa proposta, que espera que na Comisión informativa convocada para o próximo luns se leven todas as propostas presentadas con selo de entrada, que a campaña foi adxudicada a un compañeiro de candidatura do equipo de goberno, militante socialista, e son os primeiros que gritan contra todo ese tipo de situacións similares pero na súa casa non lle importa facelo, que entre outras cousas chámalle a atención que o día 1 de maio sae publicado nun diario a subida da taxa de lixo no concello do Barco a partir do mes de xullo, e o día 2 de maio na Voz de Galicia publícanse unhas declaracións do Alcalde sobre a devolución do taxazo de Sogama e di que non ten aínda tomada unha decisión sobre a devolución, é dicir, que lle vai a aplicar a subida nos recibos aos veciños e aínda non ten tomada a decisión si vai a devolver, aceptar ou pagar o recibo. Remata o voceiro do Partido Popular dicindo que o alcalde sabe perfectamente que a recollida de lixo é competencia estritamente municipal e que si está en contra do modelo de Sogama, como xa manifestou, o que ten que facer é buscar outro modelo e si é máis económico facelo.

Concédeselle a palabra ó concelleiro do Bloque Nacionalista Galego e voceiro do Grupo mixto municipal, o sr. Sierra Nieves, quen fai uso dela para dicir que moito lle gusta ao Partido Popular andar con sobres nas mans, que comeza unha campaña electoral co Partido Popular dando clases de educación e o concelleiro delegado falando da suba para non manchar as mans do alcalde. Di que a campaña da reciclaxe foi totalmente atrapallada, como puideron observar todos os veciños e veciñas, cunha falta total de planificación e que ao sr. Blanco esquecéuselle dicir que a carta remitida na campaña está chea de erros ortográficos. Di o concelleiro que lle gustaría saber si de algunha forma se deseñou un método avaliativo desa campaña para saber si a campaña funcionou, cánto custou economicamente e si o Equipo de goberno cre que coa campaña se vai reducir os residuos e que parece que os veciños e veciñas do Barco tiveran que dar as grazas porque non lle suban o 33,5% que subiu Sogama e soamente un 17%, e que como xa dixo noutras ocasións se o equipo de goberno non está de acordo co modelo de Sogama debe pensar noutros modelos, como teñen noutros concellos, que o seu Grupo non cre no modelo de Sogama pero que hai que buscar outra alternativa.

Fai uso da palabra o sr. Alonso Araújo para dicir que solidarízase concelleiro do Bloque Nacionalista Galego pois ao Partido Popular gústanlle máis os sobres que a un neno un caramelo, e que parece que é o mundo dos sobres ao redor do que xira a política dese partido. Afirma o

concelleiro que está convocada unha comisión informativa para o luns pero xa que o Partido Popular pide datos os vai a dar publicamente, polo que procede a dar conta de determinados conceptos e os correspondentes custos. Prosegue o concelleiro dicindo que non sabe si son votantes ou non do Partido Socialista os comerciantes aos que se lle comprou o material, que o que si sabe é que son veciños do concello do Barco, que teñen aquí os seus negocios e que teñen dereito a vivir ó igual que os afiliados do Partido Popular, e que en relación co dito polo sr. Blanco sobre a adxudicación da campaña a un compañeiro de candidatura do equipo de goberno tenlle que dicir que o voceiro do PP ten na súa candidatura una compañeira que é filla dun señor que recibe da orde de 18.000€ ó ano por facer traballos para este Concello e que tamén o sr. Blanco ten ó lado un compañeiro que está nunha empresa que subministra ferro a este Concello, é do Partido Popular e non se lle puxo impedimento ningún por ser membro dese partido, nin se mercou noutra empresa de fóra. Di que a factura á que se refire o voceiro do Partido Popular ascende a 578€, por facer as entregas nas caixas de correo dos veciños de cerca de 6.000 sobres, moito menos do presuposto que pasou Correos que ascendía a máis de mil euros, e que non ve porque non ten dereito a facer un traballo porque sexa membro do Partido Socialista ou porque foi nunha candidatura do PSOE. Prosegue dicindo que actualmente se atopa realizando a segunda fase da campaña, que é unha aula itinerante nun vehículo facilitado por FCC, adxudicataria do servizo de recollida de lixo, e que paga todos os gastos dende o aluguer do vehículo ata o equipamento técnico no interior do mesmo. Remata dicindo o sr. concelleiro que non se pode dicir que esta campaña non estaba planificada pois na Comisión de Medio Ambiente do mes de xaneiro xa se deu conta dela e que un vehículo como o do que se está a falar, co sistema informativo que se puxo en marcha, non o ten visto en ningún concello de similares características como o do Barco e que non poden vir os voceiros ao Pleno a dar clases de ética.

Fai uso da palabra o sr. Blanco Paradelo que di referíndose ao sr. Alonso Araujo que el pódelle dar todas as clases de ética, absolutamente todas, cousa que non lle pode dar o sr. Alonso a el, que si quere ao saír recórdalle un tema persoal que seguramente despois saberá ben porque di o que dixo.

Di o sr. Alcalde que o que acaba de dicir o sr. Blanco é unha saída de ton inaceptable, que o voceiro do Partido Popular cando fai os seus discursos está acostumado a poñer verde ao equipo de goberno e ninguén lle diga nada e que a cada aseveración que fixo o sr. Alonso no debate rebatendo o que dixera o sr. Blanco, este xa contestaba polo baixo de malas maneiras e que esta saída de ton a debería de retirar.

Di o sr. Blanco Paradelo que el pode facer algún comentario pero que sempre hai quen non para de falar durante todos os debates, que el sempre se dirixe con respecto ao alcalde e aos concelleiros, cousa que non é recíproco, e pódese facer unha comprobación na hemeroteca. Prosegue dicindo o concelleiro que o sr. Alonso o que ten que facer é presentar unha memoria, un proxecto da campaña, que se trata da utilización de cartos públicos e que si esta campaña a tiveran que pagar do seu peto non farían o que fixeron, pois ata as entregas nas caixas de correos non fai falta que se fagan en sobres. Afirma o concelleiro que o equipo de goberno é un chapuceiro politicamente falando, que as cousas hai que presentalas como se teñen que presentar, e o grupo de goberno nin planifica nin dá información e que hai que pedirlle que convoquen as comisións informativas e despois acusan aos demais de que non dan información. Di o sr. Blanco que non se dixo qué ía a supoñer de mellora para os cidadáns a subida, e quere dar lectura ás declaracións do sr. alcalde en medios de comunicación en relación coa subida de Sogama, e que o IPC da taxa foise actualizando polo equipo de Goberno e parece que agora sóbese a taxa porque os veciños non cumpriron, é dicir, que parece que eles son os culpables e hai que sinalar que houbo moita xente que fixo todos os esforzos posibles para reciclar aínda máis. Di o voceiro que quere rematar coas seguintes declaracións do concelleiro sr. Araújo e do alcalde: “xa unha parte ten que soportala o Concello” e di que o Concello son todos os veciños e veciñas que xa o están pagando o servizo.

Fai uso da palabra o sr. Sierra Nieves para dicir que nesta intervención quería xustamente comentar os esforzos que fixeron moitos veciños e veciñas do Barco por separar mellor na reciclaxe e que agora van ter que pagar o mesmo. Di o concelleiro que na Comisión de medio ambiente tratáronse moi por enriba varias ideas e falouse pouco do que ía a consistir esa campaña, que o Grupo de Goberno concíbea como unha campaña electoral, pero que hai que lembrarlle que é unha campaña do Concello non do PSOE. Afirma o concelleiro que os membros do goberno municipal primeiro din unha cousa e despois outra, o que lle lembra unha situación que houbo fai pouco nunha comisión de Cultura por mor dun convenio asinado co grupo Eroski en relación coa publicidade da Festa do Botelo, pois primeiro había convenio e despois non o había, é dicir, que si se lles pon entre a espada e a parede ó final se poñen nerviosos e non saben por onde saír.

Fai uso da palabra o sr. Alonso Araújo para dicir que quere aclarar que a Comisión de medio ambiente corresponde celebrala nesta primeira quincena de maio e xa está convocada.

Di o sr. Alcalde que o que remata de dicir o sr. Alonso ía a dicilo el pois hai que ser responsables non só do que se di senón do que se escribe e cando a oposición pediu a documentación era para a próxima sesión ordinaria, segundo dixeron, e a celebración desa comisión ordinaria correspóndelle á primeira quincena de maio, polo que non sabe a qué veñen as protestas reiteradas de que non se convoca a comisión. Di que pensa que hoxe o sr. Blanco confundiu de lugar, equivocouse, pois este é o Salón de Plenos do Concello do Barco e non un confesionario xa que como ten mala conciencia, xa que levantou a man no Parlamento galego para subir un incremento no lixo do 34% proposto por Sogama, agora ven aquí a falar doutras cousas e non lle interesa falar de Sogama, pois o sr. Blanco é responsable desa subida. Di que o voceiro do Partido Popular pregunta en qué mellora a recollida de lixo subindo eses 5 euros e o alcalde pregunta en qué mellora o servizo que presta Sogama. Di o alcalde que segundo o voceiro do BNG, calquera cousa que se faga polo equipo de goberno faise porque se está en campaña e indícalle que ata maio do ano que ven van seguir gobernando, e que é agora cando se teñen que tomar medidas para corrixir a subida do lixo, tamén di que as cousas hai que dicilas como son e que a subida do lixo no presente ano vai ser do 33% de dez meses e o Concello vai incrementar o 17% de seis meses, é dicir que o Concello deses 85.000€ so vai a repercutir nos cidadáns a cuarta parte, pois so se cobran os seis últimos meses. Di que cre que vai ser imposible chegar a uns porcentaxes de reciclaxe de entre o 20 e o 25% que serían necesarios para contrarrestar a subida imposta e que a verdadeira avaliación da campaña de reciclaxe verase ao analizar o peso ó final de mes que é cando se ve si funciona ou non, que subir unha taxa leva tres meses a súa tramitación e o Concello podería verse na obriga de afrontar 85.000€ e iso pode afectar ás contas que despois haberá que remitir ao Goberno central sobre equilibrio económico financeiro e pódese poñer en perigo o presuposto do ano que ven. Di o Alcalde que en cuestión de contratacións a transparencia é toda, incluso para as compras pequenas de 500 ou 1000€ pídense prezos e despois elíxese o máis barato, porque iso entra dentro das competencias do equipo de goberno, que o sr Blanco non pode vir a xustificar o inxustificable, que foi que co seu voto aprobou no parlamento galego a subida do 34% de Sogama e agora aquí vai votar en contra da subida do 17% que pon en marcha o Concello. Remata dicindo o sr. Alcalde que é ridículo cuestionar nun Pleno o tamaño dos sobres enviados na campaña de reciclaxe, e tamén dicir que si o diñeiro empregado na campaña fora do

equipo de goberno e non diñeiro público como é, seguro que se houbera feito máis do que se fixo, pero só se gastou o que se consideraba imprescindible.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno acorda:

Primeiro: a modificación dos artigos seguintes da ORDENANZA FISCAL REGULADORA TAXA RECOLLIDA DE LIXO E TRATAMENTO DE R.S.U., que quedarán redactados do seguinte xeito:

Artigo 5º.- Beneficios fiscais.

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes en situación de exclusión social . Para ter dereito á obtención deste beneficio, o interesado deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

Para ter dereito á obtención deste beneficios, o interesado deberá cumprir os seguintes requisitos:

-Que o suxeito pasivo sexa titular do contrato da subministración.

-Que o suxeito pasivo estea empadroadado e resida na vivenda para a que solicita o beneficio.

Artículo 6º.- Cuota tributaria

CONCEPTO	TARIFAS
A) VIVENDAS	
Recollida de lixo en rúas onde se preste o servizo diario.	85,58 €
Recollida de lixo en rúas ou lugares onde o servizo non sexa diario	72,46 €
B) DESPACHOS PROFESIONAIS E ARTISTAS	
Cota única	149,22 €
C) COMERCIO, INDUSTRIA E OFICINAS	
Con superficie igual ou inferior a 50 m/2	149,22 €
Con superficie entre 50,01 e 100 m2	179,58 €
Máis de 100,01 m2	209,84 €
D) HOSTALARÍA, ESPECTÁCULOS E ALIMENTACIÓN	
Cunha superficie igual ou inferior a 20 m/2	165,95 €

Con superficie entre 20,01 e 50 m2	193,54 €
Con superficie entre 50,01 e 150 m2	234,93 €
Máis de 150,01 m2	303,92 €
E) CENTROS DE ENSINO E ACADEMIAS	
Cunha superficie igual ou inferior a 50 m2	149,22 €
Con superficie entre 50,01 e 100 m2	179,85 €
Con superficie entre 100,01 e 200 m2	209,84 €
Con superficie superior a 200 m2	270,45 €
F) INDUSTRIAS, FÁBRICAS E TALLERES	
Con superficie igual ou inferior a 50 m/2	149,22 €
Con superficie entre 50,01 e 100 m2	179,85 €
Mas de 100,01 m2	209,84 €
G) RECOLLIIDA DE GRANDES USUARIOS	
Por cada colector	674,61 €

Esta modificación da ordenanza, unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. Expoñer no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días este acordo provisional, significando que durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O prazo de trinta días comezará a contarse a partir do seguinte no que se publique no BOP de Ourense e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

Para o caso que se presenten reclamacións no prazo indicado no anterior apartado deste acordo, estas serán resoltas polo Pleno da corporación, procedendo no seu caso, á aprobación do acordo definitivo, para o caso de que non se presenten reclamacións nese prazo, este acordo, ata entón quedará elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo do Pleno. O Acordo definitivo, ou provisional elevado a definitivo, co texto completo da ordenanza será publicado no BOP de Ourense a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo ao expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario 02/2014, financiado parcialmente co expediente de baixa por anulación 02/2014.

Dáse conta do ditame da comisión informativa de 5 de maio de 2014.

Fai uso da palabra o sr. alcalde para dicir que o expediente está relacionado co muro do albergue de Xagoaza, que houbo que refacelo e ten un custo de 12.742€. Di que en Intervención considérase que é unha inversión non unha reparación polo que se reduce esa cantidade da partida de medio rural para mantemento de infraestruturas, creando unha nova exclusivamente para pagar os gastos dese muro.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o sr. Blanco Paradelo, quen di que dentro de pouco tempo terase outro debate interesante sobre a Casa da Natureza, polo que non o vai facer hoxe. Di que nunha obra relativamente nova haxa que refacer o muro chámalle a atención, aínda que o seu Grupo vai votar a favor porque é unha obra necesaria dende o punto de vista turístico e cultural e que lle gustaría que o sr. alcalde lle dera algunha explicación ao respecto, máis alá da climatoloxía.

Contesta o sr. Alcalde que derrubo debeuse a climatoloxía e que é un muro que se fixo no ano 1950, aproximadamente, de xeito que os danos non se produciron na obra da escola que se fixo por detrás do muro e que caeu ese como caeu un en Santigoso, en Viloira ou en Millarouso outros muros este ano polas choivas.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario 02/2014, financiado co expediente de baixa por anulación 02/2014.

2. Exposición por quince días hábiles, mediante anuncio no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigo 169.1. TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes, e se non houbera reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, debendo procederse en ámbolos dous casos á publicación da devandita aprobación definitiva e do resumo por capítulos do Orzamento Xeral modificado, así coma á remisión de copia do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3. TRLRFL.

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á concesión bonificación no ICIO solicitada por Construcciones Quico O Barco.

O sr. Alcalde dá conta do ditame de 5 de maio de 2014 adoptado por unanimidade e di que a actuación consiste na instalación dun ascensor na rúa Eulogio Fernández, 77, cun presuposto de 42.000€, e que ten unha bonificación do 90%-

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

1º.- Declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social por tratarse dunha obra encamiñada á supresión de barreiras arquitectónicas, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

2º.- Proponer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 90% na cota do ICIO.

5º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do P.P. sobre “mantemento do partido xudicial de O Barco de Valdeorras ”

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, concédeselle a palabra ó voceiro do grupo municipal do Partido Popular, o sr. Blanco Paradelo, quen di que lle parece rechamante que despois de presentar o seu Grupo unha moción apareza a do Partido Socialista sobre o mesmo tema, que deberían dignarse a falar e tratar de consensuar unha, facer entre todos os grupos un texto ó estar de acordo co mesmo, pois non ve ningún inconveniente para elo.

Di o sr. alcalde que non sabía si falaran os voceiros para consensuar precisamente a parte dispositiva, o que se vai a aprobar, que pensa que se debe de aprobar un ditame único, un acordo único por parte do Pleno.

Di o sr. Blanco Paradelo que vai explicar brevemente a moción e cál é a preocupación que a motivou. Di que é fundamental que O Barco siga mantendo o partido xudicial e que Partido Popular, aínda que a veces se lles acusa de ser sumisos ao goberno de Madrid ou ó de Santiago aínda que teñen votado en contra de acordos de Santiago ou de Madrid, cre que este é un bo exemplo que representa o sentir de todos os valdeorreses. Di o voceiro que o anteproxecto de lei ten moito recorrido pois ata dentro de

dous anos non se adoptará unha decisión pero que convén canto antes manifestar o rexeitamento, que é un anteproxecto baseado nunha reforma que iniciou no seu momento o ministro do Partido Socialista, o sr. Caamaño, e quere recordar que o PP naquel momento tamén manifestou o seu rexeitamento, polo tanto hai que ser coherentes. Di o concelleiro que con esa decisión vulneraríase o acceso dos cidadáns á xustiza, polo tanto vulnerase un dereito fundamental segundo o artigo 24 da Constitución española, e que por outra banda choca co esforzo inversor que veu facendo a Xunta de Galicia dotando neste caso a O Barco dun novo edificio xudicial cunha inversión superior aos 2,5 millóns de euros. Remata o sr. Blanco dicindo que lle gustaría que votaran a favor da moción presentada os tres grupos políticos representados no Pleno, non habendo inconveniente en engadir algún punto que se puidera propoñer ao acordo e dá lectura da mesma, que copiada literalmente di:

“O pasado 4 de abril o Ministerio de Xustiza presentou ante o Consello de Ministros o anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial. Un ambicioso anteproxecto que contén reformas de gran interese, pero que tamén contempla a supresión dos actuais partidos xudiciais e a creación de Tribunais Provinciales de Instancia.

Sen lugar a dúbidas, esta decisión, sería moi prexudicial para comarcas coma a nosa, posto que a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e mesmo características orográficas que dificultarían en moitos casos os desprazamentos á capital da provincia, cuestión que vai en contra do dereito cidadán de acceso a unha tutela xudicial efectiva como garante o artigo 24 da Constitución Española.

Aínda que anteproxecto de lei ten un longo percorrido parlamentario, desde o Grupo Municipal Popular consideramos que durante todo o procedemento ten que quedar acreditada a non supresión dos partidos xudiciais nas vilas que son cabeceira de comarca.

O achegamento e cercanía da administración de Xustiza ao cidadán debe ser un feito irrenunciable, contemplando tamén os problemas que se derivarían da desaparición dos actuais partidos xudiciais non só para os cidadáns senón tamén para os profesionais da xustiza, avogados e procuradores, concellos, etc.

Ademais, sería unha contradición que deixaría sen efecto o esforzo inversor realizado pola Xunta de Galicia á hora de construír e dotar ás sedes xudiciais, como sucedeu na construción do novo edificio que alberga os Xulgados de O Barco, cunha inversión superior os 2,5 millón de euros.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- O Pleno do Concello de O Barco:

1º. Manifesta o seu rexeitamento á previsión do anteproxecto de Lei Orgánica do poder xudicial, que determina a desaparición dos actuais partidos xudiciais.

2º. Insta ao Goberno do estado a que garanta o mantemento dos actuais partidos xudiciais na provincia de Ourense, e de xeito particular o partido xudicial de O Barco de Valdeorras.

3º. Dar traslado deste acordo a todos os concellos que pertencen ao noso partido xudicial, á Xunta de Galicia e ao Goberno de España para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

Concédeselle a palabra ao concelleiro do PSdG-PSOE, o sr. Alonso Araújo, quen di que o interesante é dar aquí uns datos que están na exposición de motivos da moción presentada polo seu Grupo municipal, dando lectura dos mesmos, que copiados literalmente din:

“O Anteproxecto, lonxe de conseguir eficacia ou aforro, provocará unha xustiza cada vez máis inaccesíbel, arredándoa dunha configuración como xustiza universal, e configurándoa como unha xustiza de dúas velocidades: unha para a grande banca, as grandes empresas e as persoas con recursos económicos, e outra para as persoas normais. A imposición de taxas xa provocou un descenso nos asuntos tramitados polos xulgados de entre un 20 e un 30%, e esta nova medida agrandarará aínda máis as diferenzas entre os cidadáns.

O Barco de Valdeorras é un dos Concellos afectados por este anteproxecto. Sede de 2 xulgados que prestan servizo a case que 30.000 persoas residentes. Nun total de 9 concellos, a sede xudicial barquense atende cerca de **3.500** procedementos anuais, un dos máis importantes da provincia en número de asuntos. Ao volume de traballo hai que sumar, neste caso, os máis de 100 quilómetros de distancia que separan a calquera concello deste partido xudicial da capital da provincia.

Estes datos poñen de relevo a importancia que ten esta sede xudicial e os efectos negativos que a súa supresión tería na economía local (comercio, hostalaría, transporte, etc), no sector vinculado co ámbito xudicial (avogados, procuradores, notarios, etc) e, especialmente, no servizo á veciñanza da bisbarra, que se verá obrigada a realizar longos desprazamentos para trámites xudiciais.

Todo isto non suporá ningún tipo de aforro nin unha mellora na calidade da xustiza, todo o contrario, será unha dificultade máis para a nosa veciñanza á hora de acceder á xustiza, agudizando a situación xa de por si negativa que se presenta coa forte implantación de taxas xudiciais.

E dicir, xerará un afastamento a un dereito lexítimo da cidadanía; unha concentración da administración de xustiza contraria aos intereses da nosa veciñanza, que saturará, ademais, con toda probabilidade, os Tribunais.”

Prosegue facendo uso da palabra o sr Alonso Araújo dicindo que a moción presentada polo seu Grupo consta de cinco puntos no acordo a adoptar, que son perfectamente transaccionais coa moción do PP, dando lectura aos mesmos: “1.º Rexeitar o anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial e defender expresamente o mantemento do actual partido xudicial de O Barco. 2.º Instar á Xunta a realizar de forma urxente os trámites ante o Ministerio de Xustiza para que se manteñan os órganos xudiciais que actualmente desenvolven as súas funcións no partido xudicial do Barco, defendendo as características do territorio galego, co obxectivo de configurar un modelo de demarcación e planta equilibrado, racional, que garanta o dereito fundamental a tutela xudicial efectiva.

3.º Demandar, dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado, a defensa ó mantemento do actual partido xudicial do Barco de Valdeorras diante deste anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial; e instar aos grupos políticos no Parlamento Galego a presentar iniciativas neste mesmo sentido. 4.º Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Xustiza, aos portavoces dos grupos parlamentarios do Congreso do deputados e do Senado e ao presidente da Xunta de Galicia. 5.º Dar traslado do presente acordo plenario aos concellos que se verían afectados pola supresión do partido xudicial do Barco de Valdeorras, coa finalidade de que se adhiran a este mediante os respectivos acordos das súas corporacións municipais”. Di o concelleiro que pensa que o 1º e o 2º punto do acordo da moción do PP perfectamente lles valería e que no 3º “Dar traslado deste acordo a todos os concellos que pertencen ao noso partido xudicial...” engadiríalle o 2º punto da moción presentada polo seu Grupo “... e instar á Xunta a realizar de forma urxente os trámites ante o Ministerio de Xustiza para que se manteñan os órganos xudiciais que actualmente desenvolven as súas funcións no partido xudicial do Barco, defendendo as características do territorio galego, co obxectivo de configurar un modelo de demarcación e planta equilibrado, racional, que garanta o dereito fundamental a tutela xudicial efectiva”. Di o sr Alonso que entón o acordo quedaría do seguinte xeito: o 1º e 2º puntos tal e como está na moción do PP, o 3º como se remata de dicir, primeira parte do punto 3º da moción do PP engadíndolle o punto 2º da moción do PSOE e finalmente os puntos 4º e 5º, onde se dirixen os traslados do acordo, serían os 3º e 4º da moción do PSOE.

Concédeselle a palabra ao concelleiro do BNG, o sr. Sierra Nieves, quen di que o seu Grupo vai votar a favor, como non podería ser doutra forma,

aínda que lle chama a atención como o PP e o PSOE non se poñen de acordo cando están falando exactamente do mesmo, e en moitas outras ocasións, como cando hai que illar ao nacionalismo, pois se poñen perfectamente de acordo. Di que independentemente deso, como xa dixo, están de acordo coa moción e que pensa, como o concelleiro sr Alonso, que é moi importante o engadir o punto de instar á Xunta a realizar os trámites ante o Ministerio de Xustiza.

Di o sr Alcalde que entón a proposta quedaría como emenda e da lectura á proposta de acordo que quedaría do seguinte xeito:

1. Manifesta o seu rexeitamento á previsión do anteproxecto de Lei Orgánica do poder xudicial, que determina a desaparición dos actuais partidos xudiciais.
2. Instar ao Goberno do estado a que garanta o mantemento dos actuais partidos xudiciais na provincia de Ourense, e de xeito particular o partido xudicial de O Barco de Valdeorras.
3. Dar traslado deste acordo a todos os concellos que pertencen ao noso partido xudicial e instar á Xunta a realizar de forma urxente os trámites ante o Ministerio de Xustiza para que se manteñan os órganos xudiciais que actualmente desenvolven as súas funcións no partido xudicial do Barco, defendendo as características do territorio galego, co obxectivo de configurar un modelo de demarcación e planta equilibrado, racional, que garanta o dereito fundamental a tutela xudicial efectiva.
4. Demandar, dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado, a defensa ó mantemento do actual partido xudicial do Barco de Valdeorras diante deste anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial; e instar aos grupos políticos no Parlamento Galego a presentar iniciativas neste mesmo sentido.
5. Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Xustiza, aos portavoces dos grupos parlamentarios do Congreso do deputados e do Senado e ao presidente da Xunta de Galicia.

Sometida a votación a emenda presentada é aprobada por unanimidade dos dezasete membros asistentes, sendo introducida no presente Acordo.

Sen máis intervencións, en votación ordinaria e por unanimidade dos dezasete membros asistentes o Pleno do Concello do Barco acorda:

- 1. Manifestar o seu rexeitamento á previsión do anteproxecto de Lei Orgánica do poder xudicial, que determina a desaparición dos actuais partidos xudiciais.**

2. Instar ao Goberno do estado a que garanta o mantemento dos actuais partidos xudiciais na provincia de Ourense, e de xeito particular o partido xudicial de O Barco de Valdeorras.

3. Dar traslado deste acordo a todos os concellos que pertencen ao noso partido xudicial e instar á Xunta a realizar de forma urxente os trámites ante o Ministerio de Xustiza para que se manteñan os órganos xudiciais que actualmente desenvolven as súas funcións no partido xudicial do Barco, defendendo as características do territorio galego, co obxectivo de configurar un modelo de demarcación e planta equilibrado, racional, que garanta o dereito fundamental a tutela xudicial efectiva.

4. Demandar, dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado, a defensa ó mantemento do actual partido xudicial do Barco de Valdeorras diante deste anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial; e instar aos grupos políticos no Parlamento Galego a presentar iniciativas neste mesmo sentido.

5. Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Xustiza, aos portavoces dos grupos parlamentarios do Congreso do deputados e do Senado e ao presidente da Xunta de Galicia.

6º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre “mantemento do partido xudicial do Barco de Valdeorras ”

Por unanimidade dos dezasete membros asistentes acórdase a retirada da presente Moción presentada polo PSdeG-PSOE.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Mocións urxentes

Di o sr. Alcalde que dentro deste punto preséntase unha moción para aprobación dun convenio urbanístico na avenida do Bierzo, que xa está explicado suficientemente, é na Urbanización La Cerámica e despois de feita toda a tramitación ten que ser aprobado polo Pleno antes de ser elevado a público.

Dáse conta da moción presentada que copiada literalmente di:

“MOCIÓN DA ALCALDÍA PARA INCLUSIÓN POLO TRÁMITE DE URXENCIA NO PLENO DO ACORDO DE RATIFICACIÓN DO

CONVENIO URBANÍSTICO DE PLANEAMIENTO ENTRE O CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE) E OS PROPIETARIOS DO SOLO AVENIDA DO BIERZO, 77, DO BARCO DE VALDEORRAS

Feitos

1 O desprendemento dun muro de contención na Urbanización da Cerámica, que linda coa parcela definida na letra anterior, esixiu ao Concello levar a cabo determinadas obras de emerxencia, consistentes basicamente no reforzo do devandito muro. Para poder executar as obras precisas o Concello tivo que, logo de autorización do propietario da parcela referencia catastral 64876623PG6968N0001PJ, ocupar parte da parcela obxecto do presente convenio. Para estes efectos o propietario da parcela constituíu a favor do Concello un dereito de uso sobre 350 metros cadrados da parcela, que foi aceptada por Resolución da Alcaldía do 8 de xullo de 2013. Estes metros cadrados son os que se precisan ocupar pola obra de emerxencia para a contención do muro.

2 O propietario da parcela sinalada cuxo solo é o ámbito deste convenio manifestou a súa vontade de ceder a propiedade dos 350 metros cadrados que se ocupou coa obra á que se refire o apartado anterior.

3 A segregación dos 350 metros cadrados aos que se refiren os apartados anteriores e posterior cesión gratuíta da súa propiedade ao Concello supoñería un prexuízo patrimonial para o propietario da parcela, prexuízo que se vería reflectido nunha minoración no aproveitamento urbanístico do soar que constitúe a parcela catastral.

4 A cesión gratuíta da propiedade dos 350 metros cadrados supoñería un beneficio para o Concello, ao non ter que adquirir mediante compravenda ou expropiación os terreos.

5 O Concello ten a capacidade e firme vontade de modificar o PXOM para establecer como solo destinado a infraestruturas/dotacións os 350 metros cadrados aos que aluden as cláusulas anteriores. Ademais o Concello entende que é necesario levar a cabo unha reordenación urbana das parcelas catastrais n.º 20, 22 e 23 Mazá 64876 para conseguir o seguinte:

